

Nome:

curso

O MUNDO EUROPEO ENTRE OS SÉCULO XI E XV

_CAMBIOS E PERMANENCIAS NA BAIXA IDADE MEDIA.

A partires do s. XI comeza a producirse no mundo europeo un cambio respecto ás características propias dos séculos anteriores. Neste feito influíron, preferentemente, tres factores:

- o **incremento da produción agrícola**, consecuencia da introducción de melloras nas técnicas de traballo (como por exemplo o arado de vertedeira) e de cultivo (sistema de rotación trienal), así como do aumento da superficie cultivada.
- o inicio dunha tendencia ao **aumento da poboación**, que debe relacionarse coas melloras producidas no réxime alimenticio. Malia que non se dispón de datos fidedignos, calcúlase que o número de habitantes do occidente europeo pasou duns 40 millóns a finais do s. X a uns 75 millóns tres séculos máis tarde.
- unha **disminución do clima de inseguridade** característico da época anterior. Como consecuencia desto e do crecemento económico rematou por revitalizarse o comercio, e con el rexurdiron as cidades, nas que comezaron ademais actividades artesanais especializadas.

Aínda así, estes cambios non implican a desaparición do sistema feudal: os feudos continuaron existindo e a maior parte da poboación seguiu adicándose á agricultura; pero, fronte a esta realidade dominante, a reaparición das cidades significaba o comezo dunha nova época e a aparición dunhas novas mentalidades.


_DESENVOLVEMENTO URBANO E BURGUESÍA.

As cidades medievais europeas reciben o nome xenérico de **burgos**. Neles ten lugar a aparición dun novo grupo social, que vai a romper coa división clásica da

sociedade estamental ruralizada. Trátase da **burguesía**, na que podemos distinguir tres colectivos:

- a **burguesía artesanal**, que realiza a súa actividade en talleres especializados. Os distintos talleres da cidade adicados ao mesmo oficio constitúen un **gremio**, ou asociación de artesáns, que tiña como obxectivos fundamentais evitar a competencia;

establecendo a
cantidade, a
calidade e o prezo
dos produtos, e
axudar aos seus
membros,
defendendo os
seus intereses.
Cada taller posúe
ademais unha
organización
interna: á cabeza



está o **mestre**, axudado nas tarefas polos **oficiais**, que cobran un soldo polo seu traballo, e finalmente están os **aprendices**.

- a **burguesía comercial**, formada polos mercaderes, ocupados no comercio a media e longa distancia, e polos pequenos comerciantes, que realizan as súas vendas nos mercados permanentes establecidos nas cidades. Neste grupo tamén pode incluírse aos burgueses especializados no comercio cos cartos (a banca).

- os **profesionais**, entre os que se atopan todos aqueles que realizan actividades especializadas, tales como a medicina, as leis...

O GOBERNO DAS CIDADES:


A cidade rompe coas formas de goberno típicas da sociedade feudal. Quen se instalaba nunha cidade colocábase baixo o goberno do **concello municipal**. Este tivo diversas formas; aínda que houbo concellos abertos nos que participaban todos os veciños, os máis comúns foron os concellos pechados, con cargos ocupados polos membros máis destacados da burguesía, que conforman así o denominado patriciado urbano.

Este proceso de autonomía das cidades foi moitas veces estimulado polas monarquías, que tenderon á creación de cidades (mediante documentos coñecidos como **cartas pueblas**) ou a instalación de novos habitantes nas xa existentes, dándolles leis especiais (chamados **foros**) que concedían vantaxes aos poboadores. Os reis buscaban deste xeito afianzar o seu poder ante os señores feudais aliándose coa burguesía.

Esta tendencia culmina, a partir do s. XII, na creación de **parlamentos** ou **cortes**, asembleas que, convocadas polos monarcas, actuaban como representantes dos estamentos.

_ O DESENVOLVEMENTO DO COMERCIO MEDIEVAL.

Co incremento da produción artesanal tivo lugar un aumento da actividade mercantil, realizada a través de distintas **rotas comerciais**. Destacan dúas áreas: o Mediterráneo, no que os mercaderes de cidades italianas entraron en contacto con Bizancio e o Islam; e a área do Mar do Norte e do Mar Báltico, onde os comerciantes estableceron unha liga ou asociación para asegurar os intercambios entre as cidades, denominada *Hansa* e da que formaban parte distintas cidades xermanas, como Rostock ou Lübeck.



Para facilitar e axilizar o comercio, a burguesía creou diversos instrumentos que constitúen as bases remotas da economía capitalista. Entre eles podemos destacar:

- O uso da moeda como forma de pago habitual nas transaccións comerciais a curta distancia. Ao mesmo tempo desenvolvéronse os primeiros métodos de banca, baseados no préstamo a prazo con interese.
- A creación de empresas formadas por varios socios, que unían os seus capitais para fecer fronte a grandes inversións e distribuír os riscos.
- O emprego de sistemas de contabilidade por partida dobre (ingresos e gastos) e de letras de cambio, que evitaban o manexo e transporte de cartos.

- As feiras, ou centros de intercambio de mercadorías entre comerciantes de distintas zonas. Tiñan lugar nas cidades, e nas mesmas datas do ano.

UNHA NOVA MENTALIDADE E UNHA NOVA CULTURA.

A vida urbana conleva o desenvolvemento dunha mentalidade burguesa, distinta da existente no mundo rural. Nela priman a busca do enriquecemento e da felicidade. Pero o burgués é tamén consciente da necesidade de posuir unha boa formación intelectual. Isto explica a aparición de escolas urbanas e das universidades, como centros especializados en estudos superiores. Neles estúdiase Teoloxía, Artes, Medicina e Dereito cunha gran presenza da Igrexa na ordenación dos estudos.

Por outra parte, desde o s. XIII créanse novas ordes relixiosas que desenvolven as súas tarefas non en mosteiros, senón en conventos establecidos nas cidades. Entre estas ordes, denominadas “mendicantes” por vivir das limosnas, destacaron os franciscanos e os dominicos.

ACTIVIDADES

1.- Indica brevemente que tres factores contribúen aos cambios do s. XI. ¿supuxeron a desaparición do réxime feudal? ¿Por que?

2.- ¿Que institución se adicaba ao goberno das cidades? ¿Que papel xogaron os monarcas respecto á autonomía urbana? ¿Por que?

3.- ¿Que dúas áreas destacaban no comercio baixomedieval? ¿En que consistía a Hansa e de cal das áreas era propia?

_O GÓTICO

Orixinada en Francia, a arte gótica esténdese por Europa entre os séculos XII e XV. Podes ver as súas características neste esquema



ACTIVIDADES

1.- Sinala as características principais da arquitectura gótica

2.- ¿Pode afirmarse que este edificio é Gótico? Argumenta a túa resposta



A PENÍNSULA IBÉRICA NA IDADE MEDIA

_ O FINAL DO MUNDO ANTIGO E OS REINOS XERMÁNICOS PENINSULARES.

A Península Ibérica foi invadida, a comezos do s. V, por distintos pobos xermánicos. Entre eles destacaron os vándalos, os suevos (que crearon un reino en Gallaecia), os alanos e, finalmente, os visigodos, quenes crearon un reino en toda a Península (501 - 711), cunha historia que podemos sintetizar nos seguintes aspectos:

- Partindo dunha separación rigorosa entre a minoría invasora e os hispanorromanos, deuse unha progresiva tendencia á integración da poboación peninsular que podemos observar en tres niveis:

- Relixioso: os visigodos abandoaron o arrianismo, convertíndose ao catolicismo no ano 587.

- Lexislativo: elaboración do *Liber Iudiciorum* como único código de leis para todos os habitantes (654).

- Territorial: durante o reinado de Leovixildo (573 - 586) os visigodos conquistaron o reino suevo e expulsaron aos bizantinos, que se atopaban no sureste peninsular.

- Como sucedía noutras zonas europeas, houbo unha tendencia progresiva á ruralización. Agás algunha excepción (Toledo, capital do reino), as cidades decaen e o comercio debilítase.

- A cultura quedou concentrada en torno a círculos moi reducidos, vencellados á Igrexa.

- A monarquía visigoda non puido impoñer a súa autoridade fronte á nobreza, co que tivo lugar un proceso de descentralización de poder. Nun dos frecuentes conflitos, un dos bandos nobiliares solicitou colaboración aos musulmáns, instalados na outra beira do Estreito de Xibraltar. A súa chegada á Península (711) marcou o inicio dunha nova etapa.



_AL- ANDALUS.

A debilidade do reino visigodo explica a facilidade e rapidez da conquista musulmana da Península, completada en tres anos, moitas veces mediante pacto cos habitantes. O territorio recibiu o nome de Al – Andalus, e foi convertido en emirato, con capital en Córdoba. Durante estes anos, organizáronse as terras conquistadas, quedando fóra das mesmas as zonas ao norte dos ríos Douro e Ebro.

No ano 756, con Abd – al – Rahman I, Al – Andalus independízase politicamente do Califato. Máis tarde no ano 929, Abd – al – Rahman III proclámase califa, co que engade ao poder político a autoridade relixiosa. Neste período, a civilización islámica peninsular acada o seu máximo esplendor. A partir do ano 1035 o

califato comeza a disgregarse e xurden diversos reinos independentes, denominados *taifas*, que marcan a tendencia á progresiva independencia dos territorios de Al – Andalus, a pesares de posteriores unificacións cos almorávides e os almohades, pobos norteafricanos.



- A sociedade andalusí.

A sociedade de Al Andalus caracterizouse pola súa diversidade, dado que á poboación existente na Península Ibérica antes da chegada dos musulmáns, formada por unha maioría de cristiáns e algunhas comunidades xudeas, foron engadíndose xentes de diversas procedencias: árabes, sirios, bérberes norteafricanos...

En calquera caso, tivo lugar unha progresiva islamización da poboación, que se estendeu non só ao aspecto relixioso, senón tamén aos costumes e ás formas de vida. Aínda así, continuaron existindo minorías de relixión xudea e cristiá (mozárabes).

- A economía en Al – Andalus.

Fronte ao mundo europeo ruralizado, a economía andalusí participa das características xa sinaladas para o conxunto da economía islámica. A agricultura foi a

principal actividade económica, completada cunha actividade artesanal moi especializada. O conxunto da produción destinábase a súa comercialización, dirixida desde as cidades, que eran moi abundantes. Pola súa situación xeográfica, Al – Andalus xogou un papel intermediario entre o resto do mundo islámico e o Occidente europeo.

- Aspectos culturais.

En sintonía co sucedido noutras zonas islámicas, a civilización musulmana de Al – Andalus acadou elevadas cotas de desenvolvemento. Dentro da cultura andalusí podemos destacar:

- As realizacións literarias, en poesía, narrativa e narración histórica. A lingua árabe foi o vehículo habitual de expresión e o instrumento da produción intelectual.


- Os avances en materia científica, sobre todo en astronomía, medicina e matemáticas.

- O desenvolvemento filosófico. Especialmente importantes foron as obras do xudeu Maimónides e do musulmán Averroes, ambos do século XII. Este último tentou conciliar as crenzas musulmanas coa filosofía grega, especialmente a aristotélica.

- A extensión do ensino, baseada en preceptos coránicos, mediante unha numerosa rede de escolas vencelladas ás mesquitas.

_ A FORMACIÓN DOS NÚCLEOS HISPANOCRISTIÁNS DO NORTE.

Como vimos, a conquista musulmana non acadou as zonas máis setentrionais da península. Á poboación xa existente nelas foron engadíndose diversos grupos que querían escapar ao poder islámico. Durante tres séculos (VIII - X) estes grupos orgánzanse como núcleos de resistencia fronte ao poder andalusí, para quen non se trata senón de bandas e non dunha ameaza seria, polo que con frecuencia emprendían expedicións de castigo e saqueo destes núcleos, denominadas *razzias*.



Nestas zonas foron configurándose diversas unidades políticas que, a partir do s. XI, iniciaron fronte aos musulmáns un proceso de expansión territorial que foi denominado polos historiadores como “Reconquista.”

- Os núcleos de resistencia occidentais.

Nos territorios da cornisa cantábrica instaláronse grupos de orixe visigoda que deron lugar á creación do reino de Asturias. Este reino estenderase cara Galicia e polas zonas próximas do Douro cando incrementa os seus efectivos demográficos e o seu poder militar.

Como consecuencia desta expansión, o reino astur trasladou a súa capital de Oviedo a León, dando lugar ao chamado reino astur – leonés. Deste reino acabarán independizándose as terras situadas ao leste, o condado de Castela, que se converte en reino a inicios do s. XI.

- Os núcleos de resistencia orientais.

Na zona dos Pireneos, a historia dos núcleos de resistencia relaciónase coas tentativas do reino franco de asegurar a súa fronteira co mundo musulmán. No Pireneo occidental xurde a monarquía navarra, que lida escapar da tutela franca e organiza a poboación da zona. No Pireneo central ten a súa orixe o condado de Aragón, que no s. IX rematou integrándose no reino de Navarra, do que se independizará no s. XI.

Por último, no Pireneo oriental, o reino franco estableceu unha “marca” ou provincia fronteiriza. Na zona destacou o condado de Barcelona, que foi independizándose dos francos nun proceso que culminou a finais do s. X.

_SOCIEDADE, ECONOMÍA E CULTURA NOS REINOS CRISTIÁNS

A organización social dos reinos do norte presenta dúas situacións contrapostas, ambas relacionadas co réxime de propiedade da terra. Nalgunhas zonas deuse o predominio de grupos nobiliarios que controlaban extensos patrimonios, mentres que noutras abundaron máis os pequenos propietarios libres, con mínimas diferenzas sociais entre eles.

Esta circunstancia viuse favorecida porque diversos monarcas efectuaron “repoboacións” das zonas que controlaban, mediante as que individuos chegados de alén os Pireneos ocuparon terras a cambio de certas vantaxes. Outras veces os repoboadores foron mozárabes procedentes do territorio de Al – Andalus. En calquera caso, a tendencia que acabará por impoñerse será a progresiva feudalización da sociedade.

No aspecto cultural, dous feitos son destacables: a creación, nos distintos reinos, de mosteiros, que amosa a importancia da Igrexa; e a difusión do culto a Santiago, a partir do achádegalo da súa suposta tumba no s. IX. Isto dará lugar, máis adiante, a unha ruta de peregrinación que permitirá un contacto frecuente para os distintos puntos da Cristiandade europea.



ACTIVIDADES

1.- Indica os distintos pobos xermánicos que se implantaron na Península Ibérica ¿Cal destacou e creou un reino que ocupaba toda a Península? ¿Que problemas tivo?

2.- ¿Cando chegan os musulmáns á península Ibérica? Indica por que a súa conquista foi rápida e cal foi a capital do emirato.


3.- Anota a importancia das seguintes datas na historia de Al – Andalus:

·756:

·929:

·1035:

4.- Observa o seguinte mapa e di que proceso histórico é apreciable?



5.- ¿Que tres áreas destacan

na formación dos núcleos cristiáns do norte da Península? ¿Que unidades políticas xurden en cada un?

6.- Define os seguintes conceptos: mozárabes, razzias, marcas, taifas.

_AL ANDALUS: OS SÉCULOS XI – XV

A partir do s. XI, a disgregación do califato coincide cun momento no que os distintos reinos cristiáns do norte atópanse suficientemente consolidados. Existen, polo tanto, na Península, dous mundos ben diferenciados, non só pola relixión (musulmáns e cristiáns), senón tamén polos rasgos da súa cultura e da súa forma de vida.

Entre ambos mundos estableceuse unha liña de “fronteira.” Este concepto ten, en primeiro lugar, un sentido militar: as situacións de crise dunha das dúas partes serán aproveitadas pola outra para estender os seus dominios territoriais. Pero a fronteira posúe tamén unha grande transcendencia cultural. A través dela déronse numerosas relacións que permitiron un continuo trasvase de ideas e influencias (costumes, coñecementos) entre unha e outra parte.

_ EVOLUCIÓN POLÍTICA ENTRE OS SÉCULO XI E XIII.

Trala desaparición do Califato de Córdoba, as distintas taifas entraron nun proceso de conflitos internos. Paralelamente, os reinos cristiáns do norte, aproveitando a debilidade musulmana, inician a chamada “Reconquista,” que os levou polo oeste ata o Texo (Toledo, 1085) e, polo leste ata o Ebro (Zaragoza 1110). Esta situación acabou provocando a intervención na Península dos Estados islámicos xistentes no norte de África: os almorávides (1085 – 1145) e os almohades (1145 – 1223). Durante a súa presenza, a Reconquista foi frenada.

A comezos do s. XIII, os distintos reinos cristiáns aparacen xa claramente definidos. No sector oeste, Portugal (separado do antigo reino leonés) e Castela – León, unido desde 1230. Na zona leste, Navarra, que xa



non ten fronteira cos musulmáns, e o conxunto da Coroa aragonesa, resultado da unión de Aragón e os condados cataláns (1131).

A partir de 1230, coa crise do poder almohade, os reinos cristiáns dan outro grande empuje á Reconquista, que leva a Portugal ata o sur da Península e a Castela a ocupar o val do Guadalquivir (Sevilla, 1248) e Murcia, mentres Aragón ocupa Valencia e as Illas Baleares.

_ OS SÉCULOS XIV E XV.

Como resultado de todos estes procesos, a presenza islámica na Península quedaba reducida ao territorio do Reino de Granada, estendido por esta provincia e polas de Málaga e Almería. A súa elevada poboación, a orografía montañosa na que se asentaba e a hábil diplomacia dos seus gobernantes lograron que este reino se mantivese durante máis de douscentos anos.

Pode, así, afirmarse que durante os dous últimos séculos da Idade Media a situación política estabilizouse: cada un dos reinos peninsulares concentrou os seus esforzos no mantemento das súas fronteiras e no seu desenvolvemento interno. Será a finais do s. XV, cando se produce a unificación das coroas de Castela e de Aragón cos Reis Católicos, cando se leve a cabo a conquista do reino musulmán de Granada. Comezará así outro período da historia peninsular.

_ A ECONOMÍA DOS REINOS CRISTIÁNS.

Entre os séculos XI e XV a economía dos reinos cristiáns experimentou fondas transformacións, paralelas ás que xa vimos para o conxunto de Europa occidental:

- A principal actividade económica continuou sendo a agricultura, na que tivo lugar unha tendencia crecente á señorialización da propiedade. Os grandes latifundios nobiliarios acabaron sendo habituais nas zonas conquistadas do sur da Península.

- Xunto á agricultura, adquire grande importancia a gandería, en especial a de grandes rebaños trashumantes. Para regulala, foi creado en Castela a finais do s. XIII un organismo especial: a Mesta.

- Por outra parte, nestes séculos, desenvólvense tamén as actividades propias da vida urbana, que agora rexurde. Por un lado, a artesanía, mantida en moitos lugares por unha poboación de orixe musulmán. Por outro lado, o comercio, do que

son boa mostra a organización de feiras e o artellamento de rutas comerciais que poñían en contacto ao mundo hispánico co Mediterráneo e co resto de Europa occidental (por terra e a través dos portos cantábricos).

_ ORGANIZACIÓN SOCIAL E POLÍTICA DOS REINOS CRISTIÁNS.

Nos reinos cristiáns difúndese o sistema estamental europeo. Pero, dadas as especiais características da Península, a nobreza adquiriu unha grande importancia, como grupo dirixente da actividade guerreira.

En paralelo coa nobreza, desenvólvese o outro estamento privilexiado, o clero, con moitos dos seus membros que procedían da nobreza. O clero chegou a acadar unha situación de grande poder, riqueza e influencia.

Finalmente, o terceiro estamento está formado por unha grande masa de agricultores (aproximadamente o 90% da poboación total), cunha ampla variedade de situacións e condicións, e polos reducidos grupos de burgueses das cidades.

Mención especial merece a poboación musulmana que permaneceu nas terras conquistadas sin variar a súa relixión (*mudéxares*), que serviu de elemento de transmisión de numerosas aportacións culturais islámicas. Continuaron existindo tamén comunidades xudeas nas principais cidades e vilas, ata a súa expulsión por obra dos Reis Católicos en 1492.

Nesta situación, os reis dos distintos Estados peninsulares mantiveron durante estes séculos unha loita constante coa nobreza, pero non foi ata ben entrado o século XV cando quedou clara a preeminencia do poder real, como tamén estaba a suceder noutros Estados europeos.

_ ASPECTOS CULTURAIS DOS REINOS CRISTIÁNS.

Entre as novidades culturais destes séculos, poden destacarse as seguintes:

- A consolidación das distintas linguas peninsulares como forma habitual de comunicación dos habitantes dos diversos territorios, substituíndo ao latín da época anterior, e dando lugar ao desenvolvemento dunha produción literaria específica.

- A aparición das universidades, a partir da establecida en Palencia no ano 1212.

· A integración de numerosos elementos culturais procedentes das outras dúas tradicións presentes na Península, a xudea e a islámica, tal e como amosan feitos como a Escola de tradutores de Toledo e a obra intelectual de Alfonso X. Non obstante, a Igrexa foi adquirindo cada vez un maior control das cuestións de carácter intelectual.



ACTIVIDADES

1.- ¿Que dous sentidos ten o concepto fronteira na relación entre a España musulmana e a cristiá?

2.- Indica cales son os reinos cristiáns que aparecen definidos na Península a comezos do s. XIII.

3.- ¿Cando e por que ten lugar a reactivación da Reconquista? ¿Que reinos a protagonizan e por onde se estenden?

4.- ¿En que territorio estaba focalizada a presenza política islámica na Península nos séculos XIV e XV? ¿Por que pervivu dous séculos?

